



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 426

VII lexislatura

9 de outubro de 2007

Véxase a resolución
número 3 (páx. 64795 e
64796)

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resolucións aprobadas

Resolucións subseguintes ao debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 64793

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

- 07/PPP-0276(23363)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Do Sr. conselleiro do Medio Rural para dar conta da situación sanitaria da cabana gandeira galega e das medidas previstas 64793

4.2. Interpelacións

- 07/INT-0198 (23362)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e 5 deputados máis

Sobre o alcance actual da tuberculose bovina en Galicia e as medidas adoptadas ao respecto 64804

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

- 07/POP-0506 (23364)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as razóns do cambio das axudas destinadas a investimentos no ámbito da acuicultura mariña para dirixilas aos titulares de establecementos de acuicultura continental 64806

- 07/POP-0514(23651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións de impulso e mellora do funcionamento da
mediación familiar

64807

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resoluci3ns aprobadas

Resoluci3ns subseguintes ao debate de pol3tica xeral sobre a situaci3n pol3tica da Comunidade Aut3noma de Galicia.

O Pleno da C3mara, na s3a sesi3n do d3a 3 de outubro de 2007, adoptou o seguinte acordo:

Aprobaci3n de resoluci3ns

— Doc. n3m. 23176; 07/DEBA-0002; BOPG n3m. 405, do 10.09.2007

Debate de pol3tica xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situaci3n pol3tica da Comunidade Aut3noma

Resoluci3n resultante da transacci3n elaborada verbo das propostas de resoluci3n presentadas conxuntamente polo G.P. dos Socialistas de Galicia, o G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. n3m. 24028, proposta n3m. 9) e o G.P. Popular de Galicia (doc. n3m. 24030, proposta n3m. 283), co contido literal seguinte:

Resoluci3n n3m. 9

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que poña en marcha o Instituto de Estudos do Territorio e a Axencia de Protecci3n da Legalidade Urban3stica antes do remate deste ano.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resoluci3n resultante da transacci3n elaborada verbo das propostas de resoluci3n presentadas conxuntamente polo G.P. dos Socialistas de Galicia, o G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. n3m. 24028, proposta n3m. 16) e o G.P. Popular de Galicia (doc. n3m. 24030, proposta n3m. 350), co contido literal seguinte:

Resoluci3n n3m. 16

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que defenda os seguintes criterios no debate aberto a nivel comu-

nitario sobre a revisi3n da OCM do leite no marco do *Health Check*:

1.— A OCM do leite debe manter mecanismos de intervenci3n p3blicos na continxentaci3n da produci3n e na regulaci3n dos mercados.

2.— Defender unha redistribuci3n dos dereitos de produci3n e das axudas directas no 3mbito da UE con criterios de car3cter social para reforzar a viabilidade das explotaci3ns existentes e con vocaci3n de permanencia, contribuir a fixar poboaci3n nas zonas rurais e primar os modelos de produci3n sustentables e menos dependentes de insumos externos. No contexto actual, debe defender un incremento da cota en funci3n de criterios sociais, do emprego que hai que manter e do desaxuste entre oferta e demanda de cada estado. E manifestar a oposici3n a un incremento lineal para todos os estados membros e para todas as explotaci3ns no cami3o da supresi3n do r3xime de cotas e da liberalizaci3n do mercado comunitario, xa que consolidar3a unha situaci3n de desvantaxe das explotaci3ns galegas, que ter3an que enfrontarse a ese novo contexto cunha cota e un nivel de axudas directas por termo medio inferior 3s explotaci3ns comunitarias.

3.— A OCM do leite debe manter mecanismos de intervenci3n p3blicos no mercado que resulten eficaces para suavizar as oscilaci3ns del e evitar situaci3ns de crise que poidan ter un forte impacto social.

4.— Substanciarase unha comparecencia no Parlamento para dar conta do documento elaborado para o efecto, remit3ndoo previamente a esta instituci3n.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resoluci3n resultante da transacci3n elaborada verbo da proposta de resoluci3n presentada polo G.P. Popular de Galicia (doc. n3m. 24028, proposta n3m. 28), co contido literal seguinte:

Resoluci3n n3m. 28

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que asine, no prazo m3is breve posible, un convenio marco de colaboraci3n en formaci3n e xesti3n cos concellos de Gali-

cia a través da Fegamp para a aplicación de toda a nova normativa técnica da construción derivada do Código técnico da edificación, do Decreto de hábitat galego, do Decreto de eficiencia enerxética e das directivas europeas coas consellarías competentes nestas materias.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo das propostas de resolución presentadas polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 24030, propostas núms. 29 e 30), co contido literal seguinte:

Resolucións núms. 29 e 30

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que poña en marcha actuacións que incidan na concienciación da mocidade sobre os perigos e as consecuencias dunha condución non responsable, no prazo máis breve posible.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo da proposta de resolución presentada polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 24030, proposta núm. 56), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 56

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que intensifique un programa de emprego con apoio a través da figura do preparador laboral, como figura de apoio dentro das empresas que lles permitan ás persoas discapacitadas que o precisen o soporte necesario dentro e fóra do lugar de traballo, dirixido a lle facilitar ao traballador ou á traballadora a adquisición das habilidades propias do posto laboral no que se vai integrar.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo da proposta de resolución presentada polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 24030, proposta núm. 150), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 150

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no ano 2008 poña en marcha actuacións que favorezan a captación de investimentos empresariais e potencie a internacionalización da economía galega.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo da proposta de resolución presentada polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 24030, proposta núm. 229), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 229

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que culmine no ano 2008 o Plan de transporte metropolitano de Galicia.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo da proposta de resolución presentada polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 24030, proposta núm. 275), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 275

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que presente nesta Cámara antes de que remate o próximo período de sesións un avance do Plan sectorial de vivenda anunciado pola Xunta de Galicia, onde se especifique en que concellos se ten previsto facer vivendas de promoción pública.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo das propostas de resolución presentadas polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 24030, propostas núms. 340, 345, 346 e 347), co contido literal seguinte:

Resolucións núms. 340, 345, 346 e 347

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1.— Impulse unha campaña de comunicación e información vinculadas á cultura e á promoción do viño.

2.— Promova campañas de divulgación das axudas postas á disposición dos viticultores para a incorporación de xente moza, plans de mellora e reestruturación e reconversión de viñedos e outras orientadas á mellora da situación das explotacións vitícolas.

3.— Apoie os consellos reguladores para o establecemento de campañas de promoción do viño das diferentes denominacións de orixe nos mercados externos.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo da proposta de resolución presentada polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 24030, proposta núm. 438), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 438

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que potencie e mellore a práctica do deporte escolar, ampliando a súa idade de aplicación, diversificando as disciplinas e dándolles entrada aos deportes alternativos e fomentando a igualdade de sexos na actividade deportiva.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo da proposta de resolución presentada polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 24030, proposta núm. 544), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 544

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que axilice e recorte os prazos anunciados para o cumprimento da Directiva europea 91/271/CEE, sobre o tratamento de augas residuais urbanas, e en especial no relativo ás depuracións das augas procedentes de aglomeracións de máis de 2.000 habi-

tantes equivalentes, para o cal se insta para que se liciten todas as depuradoras necesarias antes do 31 de decembro de 2007, sempre e cando os concellos afectados poñan á disposición da consellaría os terreos necesarios para tal fin.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolucións conxuntas aprobadas sen modificacións do G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 13128), co contido literal seguinte:

Resolución núm. 1

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que se establezan as accións de financiamento, coordinación e colaboración cos concellos galegos, para que estes leven a cabo plans locais de inmigración, que permitan a integración real e efectiva da poboación inmigrante que reside en Galicia, así como unha resposta integral e directa ás súas demandas desde a administración máis próxima.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 2

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que elabore e aprobe a normativa de usos lingüísticos da Xunta de Galicia, que lles garanta á Administración autonómica, á local e á do Estado un instrumento de regulación dos usos lingüísticos no sector da administración. A Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística coordinará a elaboración desta normativa.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 3

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que promova unha estratexia de coordinación da planificación lingüística nos distintos ámbitos territoriais de Galicia, a través do Consorcio para a Planificación Lingüística, co que se lle dará un impulso institucional e social ao uso, ao coñecemento e á divulgación da lingua galega nos diferentes secto-

res sociais. Deste xeito consolidarase o papel normalizador das administracións locais para garantiren o uso do galego como lingua habitual de traballo e de comunicación cos administrados.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

Resolución núm. 4

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que promova un gran pacto pola lingua que abranga medios de comunicación, entidades empresariais, políticas, sindicais e asociativas para conseguir un incremento real do uso oral e escrito da lingua galega e mais promova que se vele pola calidade da lingua utilizada.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

Resolución núm. 5

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se intensifique o proceso de diálogo co Goberno do Estado para avanzar na transferencia de medios referidos ao salvamento marítimo, a inspección de traballo, a transferencia de titularidade de inmobles da Seguridade Social, a transferencia de centros de investigación e de arquivos, museos e bibliotecas, así como para o saldo da débeda de superficie.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 6

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que desenvolva o Plan estratéxico da infancia e da adolescencia como instrumento integrador da análise dos problemas, das necesidades e das solucións no eido do benestar infantil. A execución do plan deberá permitir a consolidación dunha cultura da promoción do bo trato á infancia e á adolescencia mediante actuacións concretas nos ámbitos da prevención, da protección e da reeducación.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

Resolución núm. 7

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que poña en funcionamento a Axencia Galega de Emerxencias, así como para que impulse a creación de consorcios territoriais e parques contra incendios.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

Resolución núm. 8

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que faga as xestións oportunas co fin de poñer en marcha un sistema telemático de xestión policial, que permitirá mellorar a actuación das policías locais, no marco da nova regulación aprobada pola Cámara autonómica.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución núm. 10

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que lle remita á Cámara o Proxecto de lei de fomento do transporte público colectivo de persoas por estrada, para iniciar a súa tramitación e permitir a súa aprobación durante o ano 2008.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

Resolución núm. 11

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que defina un novo mapa de áreas funcionais integradas no eido da formación profesional, co fin de racionalizar o territorio desta comunidade autónoma mediante a definición de áreas educativas de cara a realizar un mapa de oferta de formación profesional ordenado e adaptado á conxuntura socioeconómica e territorial co obxectivo de realizar unha ordenación do Mapa da formación profesional.”

Aprobada por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

Resolución núm. 12